

Estimadas familias , moito ánimo que xa queda menos.

Seguimos lendo todos os días tanto en galego como en castelán.

Adxunto lecturas en galego que repasan vocabulario xa traballado para axudarvos

Seguimos escribindo frases tendo moi presente separar as palabras.

Temos o libro de Piezas e podemos facer pequenos copiados. Fixámonos moito en empezar en maiúscula, rematar co punto, boa letra, tamaño axeitado (nin demasiado grande nin demasiado pequena)

Logo podemos buscar , un nome (dicimos si é dunha persoa, dun animal, dunha cousa, dun lugar...)

Podemos poñerlle un adxectivo a ese nome e vemos si ten contrario ou non.

Por ex ; planta grosa-delgada

As palabras con mp e mb subraíámolas de vermello

Inventamos e escribimos palabras con c ,z ,que, qui , g, gue, gui, gü, h, pl ,br ,cr ,cl ,gl , gr , fr , fl , tr, tl ...

En matemáticas seguimos facendo exercicios de contar de dous en dous , de tres en tres, de cinco en cinco , de dez en dez para diante e para atrás. Restas e sumas en horizontal e vertical (tendo moi en conta empezar pola dereita e colocar unidades debaixo de unidades)

Non esquecemos como se escriben . Podemos facer series ascendentes e descendente.

Ex. 98,97,96,95,94 e escribímolo en letra

Seguimos facendo parellas de números e comparámoslos cos signos < > Ex. 57 < 69

Pequenos problemas de sumar e restas para que razoen.

Repasamos o reloxo poñendo a hora en punto, e media , e cuarto e menos cuarto, se alguén se anima podemos avanzar. E cinco, e dez...

Buscamos refráns relacionados coa comida, e escribímolos moi curiosiño, para entregalos na aula a volta para a páxina que faremos no noso periódico.

Inventamos algún conto e escribímolo para logo compartilo cos compañeiros.

Buscamos nun mapa onde vivimos, onde está Galicia dentro de España, onde houbo tamén o coronavirus.., todo o que se vos ocorra..

E sobre todo xogamos e desfrutamos moito coa familia.

Unha grande aperta e ata pronto.

LETRA C

carteira	cerrado
corazón	cincuenta
cempés	calma
círculo	cultura
cunca	corenta

Carlota ten cincuenta euros na carteira.

Vai ao mercado por carne, patacas e cereais.

Carolina leva un cesto con cinco bolsas de tea.

Cecilia atopou un cempés e observou con calma como se movía polo céspede facendo círculos.

LETRA CH

achicar	churrasco
chave	chispa
chousa	chapa
chícharos	cheo
cheque	chocolate

- O pirata achicaba as ondas que lle mollaban a chalana.
- Comemos churrasco e arroz con chícharos.
- A chave da luz botaba chispas.
- Está cheo de tanto chocolate que comeu.
- Foi pasear á chousa e perdeu as chaves.

LETRA Ñ

ñáñaras	liño
ñu	menciña
castañola	soño
barreño	año
fazaña	baño

- O ñu foi beber ao río.
- Como estou enfermiño, tomo menciña.
- Naquel barreño teño as sabas de liño.
- A pasada noite tiveren un soño moi bonito.
- Meter ao año no curro foi toda unha fazaña.

LETRA Z

cabaza	zurro
zapato	zombi
zurdo	Azucena
pozo	cazo
zanco	pinza

O mozo de Zulema cocina moi ben a sopa de cabaza.

Necesito un cazo para botar todos os alimentos.

O dez de marzo botaron zurro no pozo.

Ese mozo ten os zapatos moi sucios.

Paco ten dezaseis pinzas azuis no tendal da roupa.

LETRA G

gando	mergullar
erquer	auga
anguía	distinguir
contigo	guerra
figura	goma
piragüista	pinguín
ignorar	significado

- Hai que gardar o gando cando chega a noite.
- Caeu da equa e non se podía erquer.
- O pinguín é moi bo mergullador.
- Sen as gafas non pode distinguir unha anguía dun espagete.
- A auga da poza botaba un cheiro repugnante.
- O piragüista ten unha canoa vermella.

LETRA Ñ

ñañaras	liño
ñu	menciña
castañola	soño
barrero	año
fazaña	baño

- O ñu foi beber ao río.
- Como estou enfermeiro, tomo menciña.
- Naquel barrero teño as sabas de liño.
- A pasada noite tiver un soño moi bonito.
- Meter ao año no curro foi toda unha fazaña.

LETRA QU

esquecer	mosquito
esquímó	caqui
querer	quince
máquina	paquete

Quique quere mandar un paquete con quince caquis á súa avoa.

Non podo esquecer pasar polo quiosco para mercar o periódico.

Fai quince días que a máquina de facer zume non funciona.

Ten que vir o técnico quitarlle as pezas que non serven.

LETRA W

sandwich	walkie-talkie
wáter-polo	windsurf

- Para a merenda da mañá tomou un sandwich.
- Gustavo é monitor de windsurf.
- O wáter-polo é un deporte de equipo.
- O policía informaba ao compañeiro polo walkie-talkie.

LETRA CH

achicar	churrasco
chave	chispa
chousa	chapa
chícharos	cheo
cheque	chocolate

- O pirata achicaba as ondas que lle mollaban a chalana.
- Comemos churrasco e arroz con chícharos.
- A chave da luz botaba chispas.
- Está cheo de tanto chocolate que comeu.
- Foi pasear á chousa e perdeu as chaves.

LETRA G

gando	mergullar
erquer	auga
anguía	distinguir
contigo	guerra
figura	goma
piragüista	pingüín
ignorar	significado

- Hai que gardar o gando cando chega a noite.
- Caeu da equa e non se podía erquer.
- O pingüín é moi bo mergullador.
- Sen as gafas non pode distinguir unha anguía dun espagete.
- A auga da poza botaba un cheiro repugnante.
- O piragüista ten unha canoa vermella.